

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

1. De conformidade co artigo 9 do Real decreto 1566/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable, o informe anual sobre as actividades da empresa relativas ao transporte de mercadorías perigosas será remitido pola empresa:
 - a) Ao órgano competente da comunidade autónoma onde se atope radicada a sede social da empresa
 - b) Aos órganos competentes de todas as comunidades autónoma onde realicen operacións de carga, descarga ou transporte de mercadorías perigosas
 - c) Ao órgano competente do concello
 - d) Ao órgano competente da Administración do Estado

2. De conformidade co artigo 162 ROTT e 13 da Orde do Ministerio de Fomento, do 21 de xullo de 2000, as axencias de transporte de mercadorías deberán:
 - a) Dispoñer, en todo momento, dun local aberto ao público, considerándose cumprido tal requisito se o local fose o domicilio privado do titular da autorización
 - b) Dispoñer, unicamente no momento de solicitar a autorización de operadora de transporte, dun local aberto ao público
 - c) Dispoñer, en todo momento, dun local aberto ao público, debendo ser un local distinto ao domicilio privado do titular da autorización
 - d) Dispoñer, en todo momento, dun local aberto ao público, non sendo necesario que estea dedicado exclusivamente a actividades de transporte

3. De conformidade co artigo 31 da Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo, o titular dunha autorización de transporte público:
 - a) Poderá obter autorizacións de transporte privado complementario, no caso de ser titular de autorizacións de transporte público en vehículo lixeiro (MDL)
 - b) En todo caso poderá obter autorizacións de transporte privado complementario
 - c) Poderá obter autorizacións de transporte privado complementario referidas a vehículos distintos dos destinados á realización de transporte público
 - d) En ningún caso poderá obter unha autorización de transporte privado complementario

4. De conformidade co artigo 4 do Regulamento (CE)561/2006, o período de descanso diario normal :
 - a) É un período de descanso de como mínimo 9 horas pero inferior a 11 horas
 - b) Poderá tomarse en dous períodos: o primeiro deles como mínimo de tres horas ininterrompidas e o segundo como mínimo de 9 horas ininterrompidas
 - c) É un período de descanso realizado necesariamente entre as 24:00 e as 08:00 horas
 - d) É calquera período, con independencia da súa duración, durante o cal o condutor non pode levar a cabo ningunha actividade de condución

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO N° 1

5. De conformidade co artigo 4 do Regulamento (CE)561/2006:
 - a) Durante a primeira hora de condución en equipo, a presenza doutro condutor é obrigatoria se ambos os dous condutores teñen a súa residencia habitual na mesma localidade
 - b) A presenza doutro condutor é obrigatoria durante todo o período de condución en equipo
 - c) Durante a primeira hora de condución en equipo, a presenza doutro condutor é optativa
 - d) Durante as dúas primeiras horas de condución en equipo, a presenza doutro condutor é optativa

6. De conformidade co artigo 15 do Regulamento (CEE) 3821/1985, o condutor deberá indicar na folla de rexistro que se insira no tacógrafo:
 - a) O seu nome, apelido e DNI
 - b) A diferenza entre os quilómetros iniciais e os quilómetros finais rexistrados na folla de rexistro
 - c) O seu nome e apelido
 - d) O nome do titular do vehículo

7. De conformidade co artigo 146 da LOTT, cando intentada a notificación no domicilio dun denunciado que non resida en territorio español, esta non puidera practicarse:
 - a) A dita notificación remitirase ao Ministerio de Fomento de España para que lle dea traslado ao denunciado
 - b) A dita notificación remitirase ao departamento ministerial competente en materia de transportes do país no que resida o denunciado para que lle dea traslado
 - c) Non será necesario realizar ningunha outra actuación, considerándose realizada así a notificación
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

8. De conformidade co artigo 120 da LOTT, con carácter xeral, as axencias de transporte:
 - a) Asumirán a posición de transportista fronte ao cargador
 - b) Contratarán en nome do transportista co cargador
 - c) Asumirán a posición de usuario fronte ao cargador
 - d) Contratarán en nome do usuario co transportista

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

9. De conformidade co artigo 1 do Decreto 70/1993, do 10 de marzo, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, a competencia para a imposición de sancións derivadas de infraccións graves en materia de transportes mecánicos por estrada de competencia exclusiva da Xunta de Galicia, corresponderá:
- Ao subdirector xeral de Inspección de Transporte
 - Ao delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
 - Ao director xeral de Transportes
 - Ao conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
10. De conformidade co artigo 22 da LOTT, enténdese por cargador:
- A persoa física ou xurídica que solicita a realización do transporte en nome propio e fronte a cal o porteador asume, en virtude de contrato, a obriga de efectualo
 - A persoa física ou xurídica que entrega as mercadorías ao porteador para o seu transporte
 - A persoa física ou xurídica á que o porteador entregará as mercadorías obxecto do transporte unha vez finalizado este
 - A persoa física ou xurídica que carga as mercadorías no vehículo co que se realiza o transporte
11. De conformidade co artigo 33 da LOTT, no caso de que existan indicios fundados de exceso de peso, os membros da Inspección do Transporte Terrestre e os axentes das unidades ou destacamentos das forzas que legalmente teñen atribuída a vixilancia deste:
- Poderán ordenar o traslado do vehículo a unha báscula de pesaxe, unicamente cando non supoña un recorrido de ida superior a 30 km e se atope no mesmo sentido da marcha que siga o vehículo
 - Non poden ordenar o traslado do vehículo a unha báscula de pesaxe en ningún caso
 - Poderán ordenar o traslado do vehículo a unha báscula de pesaxe, que se atope no mesmo sentido da marcha que siga o vehículo, sen limitación en relación coa distancia a recorrer
 - Ningunha das respostas anteriores é correcta

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO N° 1

12. De conformidade co artigo 64 da LOTT, os transportes públicos de mercadorías terán a consideración de:
- a) Transportes regulares se se efectúan dentro de itinerarios preestablecidos, e con suxección a calendarios e horarios prefixados
 - b) Transportes temporais se se levan a cabo sen suxección a itinerario, a calendario nin horario preestablecido
 - c) Transportes discretionais, en todo caso, aínda cando se produza neles unha reiteración de itinerario, calendario e horario
 - d) Ningunha das repostas anteriores é correcta
13. De conformidade co artigo 140.1.6 da LOTT, terá a consideración de infracción moi grave, a realización, ao amparo de autorizacións de transporte privado complementario:
- a) De servizos nos que se utilice un semirremolque ou remolque alleo
 - b) De servizos nos que se utilice un semirremolque ou remolque e un vehículo tractor que sexan propiedade da empresa titular da autorización
 - c) De servizos nos que se transporte mercadoría vendida pola empresa titular da autorización
 - d) De servizos nos que o vehículo sexa conducido por persoal propio da empresa
14. De conformidade co artigo 140.19 da LOTT, cando se realice un transporte excedendo os límites de masa sinalados na autorización especial de circulación outorgada conforme a lexislación vixente na materia:
- a) A autorización especial considerarase sen efecto, e, en consecuencia, unicamente se terá en conta para cualificar a infracción a masa máxima permitida en aplicación das regras xerais contidas na normativa de circulación de vehículos
 - b) A autorización especial considerarase sen efecto, non obstante, terase en conta para cualificar a infracción a masa sinalada na dita autorización especial
 - c) A autorización especial conservara a súa validez e terase en conta para cualificar a infracción a masa sinalada na dita autorización especial
 - d) Ningunha das repostas é correcta

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

15. De conformidade co artigo 143 da LOTT, cando sexa detectada, durante a súa comisión en estrada, a manipulación do aparello de control dos tempos de condución e descanso:
- a) Con carácter xeral, deberá ordenarse a inmediata inmovilización do vehículo ata que se supriman os motivos determinantes da infracción
 - b) Só poderá ordenarse a inmediata inmovilización do vehículo, se a distancia que aínda deba recorrer o vehículo para alcanzar o seu destino é superior a 30 quilómetros
 - c) Neste suposto non procede a inmediata inmovilización do vehículo
 - d) Só poderá ordenarse a inmediata inmovilización do vehículo cando o autorice o director xeral de Transportes
16. De conformidade co artigo 145 da LOTT, as infraccións da lexislación reguladora dos transportes terrestres prescribirán:
- a) No prazo dun ano desde o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción
 - b) As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses desde o día no que a infracción se cometera
 - c) As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano desde o día no que a infracción se cometera
 - d) Ningunha das respostas é correcta
17. Conforme ao artigo 82 do ROTT, no transporte regular de viaxeiros, a redución do número de expedicións que supoña unha diminución do establecido no título concesional:
- a) Deberá ser previamente autorizada pola Administración
 - b) Deberá ser comunicada polo concesionario á Administración cunha antelación mínima de quince días, podendo esta prohibila ou limitala
 - c) Deberá ser comunicada polos concesionarios á Administración cunha antelación mínima de trinta días, podendo esta prohibila ou limitala
 - d) Será suficiente coa comunicación polo concesionario á Administración cunha antelación mínima de quince días
18. No caso dun transporte de mercadorías perigosas amparado pola exención prevista na subsección 1.1.3.6 do ADR, non será obrigatorio:
- a) Levar a carta de porte prevista na sección 5.4.1 do ADR
 - b) Utilizar envases ou embalaxes homologados
 - c) Sinalizar os vultos coa etiqueta de perigo e o número de ONU
 - d) Levar as instrucións escritas que correspondan á mercancía perigosa transportada para o caso de accidente

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO N° 1

19. No caso dun transporte de mercadorías perigosas e conforme ao previsto no apartado 5.4.1.1.1 do ADR, sinálese cal das informacións seguintes non é obrigatorio que figure na carta de porte:
- a) O nome e a dirección do ou dos expedidor/es
 - b) A designación oficial de transporte
 - c) O nome e a dirección da empresa transportista
 - d) O número ONU precedido das letras UN
20. De conformidade co artigo 2 do Real decreto 640/2007, do 18 de maio, non será obrigatorio o cumprimento das obrigas impostas polo Regulamento (CEE) 3821/85 e Regulamento (CE) 561/2006 en relación coa instalación e uso do tacógrafo e os tempos de condución e descanso no seguinte suposto:
- a) Transportes de mercadorías de carácter privado complementario realizados por empresas agrícolas, hortícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras, que se desenvolvan integramente nun radio de 100 Kms arredor do centro de explotación da empresa
 - b) Transporte de carácter privado complementario de material de circo e atraccións de feira realizados en vehículos especialmente acondicionados para elo
 - c) Transportes de animais vivos, sempre que a distancia en liña recta entre orixe e destino do transporte non sexa superior a 100 Kms
 - d) As respostas b) e c) son correctas
21. De conformidade co artigo 15 do Regulamento (CEE) 3821/85, no caso de condución dun vehículo dotado de tacógrafo dixital, cando a tarxeta de condutor non obre en poder do condutor, este deberá:
- a) Realizar unha impresión ao inicio da viaxe e outra impresión ao final da viaxe, indicando os datos sinalados no referido precepto legal
 - b) Unicamente deberá realizar unha impresión ao inicio da viaxe, indicando os datos sinalados no referido precepto legal
 - c) Unicamente deberá realizar unha impresión ao final da viaxe, indicando os datos sinalados no referido precepto legal
 - d) Utilizar unha folla de rexistro

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

22. De conformidade co artigo 9 do Regulamento (CE) 561/2006, un condutor que acompañe un vehículo transportado por tren poderá interromper o seu período de descanso diario normal:
- a) Dúas veces como máximo para levar a cabo outras actividades que non excedan en total dunha hora
 - b) Tres veces como máximo para levar a cabo outras actividades que non excedan en total dunha hora
 - c) Dúas veces como máximo para levar a cabo outras actividades que non excedan en total dunha hora e media
 - d) Tres veces como máximo para levar a cabo outras actividades que non excedan en total de media hora
23. Para realizar transporte privado complementario cun tractor agrícola de máis de 3,5 toneladas de masa máxima autorizada, será necesaria a obtención:
- a) Dunha tarxeta MPC
 - b) Dunha tarxeta MDL
 - c) Non será necesaria autorización de transporte
 - d) Dunha tarxeta MDP
24. De conformidade co artigo 9 do ROTT, cál das seguintes afirmacións é correcta:
- a) A inasistencia da parte reclamada non impedirá a celebración da vista ante a Xunta Arbitral de Transporte
 - b) Para comparecer ante a Xunta Arbitral de Transporte será necesaria a asistencia de avogado
 - c) O laudo arbitral acordarase por unanimidade dos membros da Xunta Arbitral de Transporte
 - d) Os laudos ditados polas Xuntas Arbitrais de Transporte non poderán ser obxecto de execución forzosa ante os órganos xudiciais
25. Aos efectos da infracción tipificada como moi grave polo artigo 140.5 da LOTT, e de conformidade co artigo 96 do ROTT, considerase abandono dunha concesión de transporte regular de viaxeiros que ten expedicións todos os días:
- a) Calquera interrupción na prestación dos servizos
 - b) A interrupción na prestación dos servizos sen causa xustificada durante máis de 10 días consecutivos
 - c) A interrupción na prestación dos servizos con causa xustificada durante máis de 15 días consecutivos
 - d) A non realización dunha expedición de transporte

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

26. De conformidade co artigo 111 do ROTT, as autorizacións de transporte público discrecional de mercadorías habilitarán:
- Para realizar servizos en todo o territorio nacional
 - Para realizar servizos no territorio da comunidade autónoma que outorgara a referida autorización
 - Para realizar servizos en todo o territorio nacional e no territorio da Unión Europea
 - Para realizar servizos discretos de mercadorías e de viaxeiros
27. De conformidade co artigo 195 do ROTT, se un mesmo feito infractor fora susceptible de ser cualificado conforme a dous ou máis supostos de infracción:
- Imporase unicamente a sanción que corresponda ao máis grave dos supostos de infracción
 - Imporase unha sanción por cada un dos supostos de infracción
 - Non existe ningún feito infractor que sexa susceptible de ser cualificado conforme a dous ou máis supostos de infracción
 - Ademais da sanción que corresponda, imporase unha sanción accesoria
28. De conformidade cos artigos 206 e 207 do ROTT, as denuncias de particulares:
- Formularanse oralmente ou por escrito
 - Non vincularán ao órgano competente acerca da posible incoación dun procedemento sancionador
 - Serán anónimas
 - Non será necesario comunicar ao denunciante a decisión do órgano competente acerca da posible incoación dun procedemento sancionador
29. Para a realización cun vehículo automóbil, cuxa masa máxima autorizada é de 2 toneladas, un transporte internacional de mercadorías con punto de partida en España e punto de chegada en Francia, sen tránsito por outro Estado, será necesario:
- Licenza comunitaria e tarxeta MDL
 - Licenza comunitaria
 - Tarxeta MDL
 - Non precisa licenza comunitaria nin tarxeta de transporte
30. De conformidade co artigo 8 do Regulamento (CE) 561/2006, os períodos de descanso diarios tomados fora do centro de explotación da empresa, poderán efectuarse nun vehículo adecuadamente equipado para o descanso:
- Sempre que o vehículo estea estacionado
 - Non sendo necesario que o vehículo estea estacionado
 - Exclusivamente nos supostos de conducción en equipo
 - Sempre que se comunicase á Administración competente

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

31. De conformidade co artigo 8 do Regulamento (CE) 561/2006, os descansos tomados como compensación por un período de descanso semanal reducido deberán tomarse:
- a) Xunto con outro período de descanso de como mínimo 9 horas
 - b) Xunto con outro período de descanso de como mínimo 11 horas
 - c) Xunto con outro período de descanso de como mínimo 8 horas
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
32. Segundo a LOTT, a negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección que imposibiliten total ou parcialmente o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñen atribuídas, constitúe unha infracción:
- a) Moi grave
 - b) Grave
 - c) Leve
 - d) Non constitúe ningunha infracción
33. Segundo o artigo 48 da LOTT, para o outorgamento dos títulos habilitantes para a prestación dos servizos de transporte público, hai que cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:
- a) Acreditar as necesarias condicións de capacitación profesional, honorabilidade e capacidade económica
 - b) Cumprir so as obrigas de carácter fiscal, laboral e social esixidas pola lexislación vixente
 - c) Dispoñer dunha flota de vehículos adecuada á dimensión da empresa
 - d) So é necesario ter a nacionalidade española ou a dun Estado da Unión Europea
34. Segundo o artigo 68 da LOTT, para a realización dos distintos tipos de transporte regular de viaxeiros, será necesario que os vehículos cos que se realice a actividade, dispoñan das seguintes autorizacións:
- a) Só autorización especial para transporte regular que corresponda
 - b) Unicamente, autorización administrativa especial que o habilite para a súa prestación
 - c) Autorización habilitante para a realización de transporte discrecional de viaxeiros e autorización especial para transporte regular que en cada caso corresponda
 - d) Unicamente, autorización habilitante para a realización de transporte discrecional de viaxeiros

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

35. Segundo o artigo 75 do ROTT, cando entra en funcionamento unha nova concesión, os servizos de Inspección teñen que levantar unha acta na consten, entre outros, os seguintes extremos:
- a) Cumprimento do requisito de capacitación
 - b) Adecuación dos vehículos utilizados ás condicións establecidas no título concesional
 - c) Non hai que realizar ningunha actividade de inspección
 - d) Lugar, data e hora na que os autobuses chegan ao garaxe da empresa concesionaria
36. Segundo o artigo 3 do Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores, a antigüidade dos vehículos dedicados ao transporte público regular de uso especial de escolares por estrada, non pode superar.
- a) Dez anos contados ao inicio do curso escolar dende a súa primeira matriculación, en todo caso
 - b) Dezaseis anos ao inicio do curso escolar, contados dende a súa primeira matriculación, en todo caso
 - c) Dez anos ao 1 de setembro de cada ano, contados dende a súa adquisición polo operador do transporte
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
37. Segundo a LOTT, o arrendamento de vehículos sen condutor fora das oficinas ou locais, que regulamentariamente se determinen, constitúe unha infracción:
- a) Leve
 - b) Grave
 - c) Moi grave
 - d) So é unha falta
38. Segundo o artigo 32 da LOTT, os membros da inspección de transporte terrestre, en caso de necesidade e para cumprir eficazmente a súa función, poderán solicitar o apoio necesario:
- a) Das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e das Policías Autonómicas e Locais
 - b) So da Garda Civil
 - c) Da Garda Civil e da Policía Local, exclusivamente
 - d) Non poderá solicitar ningún apoio

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

39. Segundo a sección 8.1.3 do ADR, toda unidade de transporte que transporte mercadorías perigosas deberá ir provista de etiquetas e dunha sinalización de cor:
- Verde
 - Vermella
 - Laranxa
 - Branca e negra
40. Segundo o apartado 5.2.2.2.2 do ADR, os vehículos que transporten líquidos inflamables deben levar as seguintes etiquetas:
- Unha lapa negra ou branca sobre fondo vermello e a cifra 2 na esquina inferior
 - Unha lapa negra ou branca sobre fondo vermello e a cifra 3 na esquina inferior
 - Unha lapa negra sobre fondo branco na metade superior e vermello na metade inferior, e a cifra 4 na esquina inferior
 - Unha lapa negra ou branca sobre fondo vermello na metade superior e amarelo na metade inferior, e a cifra 5.2 na esquina inferior
41. Segundo o artigo 82 da LOTT, as concesións extínguense por:
- Só polo transcurso do tempo polo que se houberan outorgado
 - Só pola supresión ou rescate do servizo por razóns de interese público
 - Só polo mutuo acordo da Administración e o concesionario
 - Ningunha das respostas anteriores é correcta
42. Segundo o artigo 76 do ROTT, ¿cando deberán ser admitidas á utilización do servizo de transporte público regular de viaxeiros, as persoas que o desexen?
- Sempre, aínda que se excedan as prazas ofrecidas en cada expedición
 - Cando abonen o prezo establecido para o servizo
 - Sempre, aínda que non reúnan las condiciones mínimas de sanidade, salubridade e hixiene necesarias
 - Todas as respostas son correctas
43. Segundo o artigo 67 da LOTT, atendendo a súa utilización, ¿cales son os transportes públicos regulares de uso especial?
- Os que van dirixidos a satisfacer unha demanda xeral
 - Os que van dirixidos a atender tráfico de carácter excepcional ou circunstancial
 - Os que van dirixidos a satisfacer, exclusivamente, a demanda dun grupo específico de usuarios
 - Os que van dirixidos a satisfacer necesidades de carácter estable

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

44. Segundo o artigo 101 da LOTT, os transportes privados particulares:
- a) Ocasionalmente poden estar dedicados a satisfacer necesidades de desprazamento de carácter público
 - b) Realízanse en vehículos que excedan dos límites que regulamentariamente se establezan
 - c) Non están suxeitos a autorización administrativa
 - d) Necesitan autorización para realizar os desprazamentos
45. Segundo o artigo 110 da LOTT, os transportes turísticos:
- a) Poderán realizarse con reiteración ou non do itinerario, calendario e horario
 - b) Deben contratarse necesariamente pola capacidade total do vehículo
 - c) Non se poden prestar conxuntamente con outros servizos complementarios
 - d) Son unicamente os que van ás zonas de praias
46. Segundo o artigo 119 da LOTT, ¿cales das seguintes actividades teñen a consideración de actividades de mediación?
- a) As que realicen os transportistas que utilicen a colaboración doutros para facer fronte a excesos de demanda
 - b) As que realicen as cooperativas establecidas para a prestación de servizos discrecionais de transporte para os seus socios
 - c) As que realicen as axencias de transportes debidamente autorizadas
 - d) As que realicen os centros de información e distribución de cargas para contribuír a mellorar o axuste da oferta e a demanda de transporte
47. No caso de carecer de paneis, placas ou etiquetas de perigo ou calquera sinalización esixible, ¿quen non é responsable segundo o artigo 140 da LOTT?
- a) O transportista en todo caso
 - b) O transportista si se acredita que, dadas as circunstancias da carga, el non puido detectar a falta de etiquetas de perigo nos vultos ou envases
 - c) O cargador ou o expedidor
 - d) O cargador exclusivamente
48. Segundo o artigo 180 do ROTT, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?
- a) Poderanse arrendar con condutor todo tipo de vehículos
 - b) Só se poderán arrendar vehículos nos supostos de colaboración entre transportistas legalmente previstos
 - c) Para a realización da actividade de arrendamento con condutor será precisa a obtención, para cada vehículo que se pretenda dedicar á mesma, da correspondente autorización administrativa que habilite ao efecto
 - d) Para a realización da actividade de arrendamento con condutor, bastará unha por empresa

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

49. ¿Cal das seguintes definicións non é correcta, á vista do artigo 4 do Regulamento (CE) 561/2006, sobre harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector de los transportes por estrada?:
- a) «conductor»: toda persoa que conduza o vehículo, incluso durante un corto período, ou que estea a bordo dun vehículo como parte das súas obrigacións para conducilo no caso de necesidade
 - b) «descanso»: calquera período ininterrompido durante o que un conductor poida dispoñer libremente do seu tempo
 - c) «tempo de conducción»: o tempo que dura a actividade de conducción
 - d) «masa máxima autorizada»: a masa máxima admisible do vehículo disposto para a marcha, excluída la carga útil
50. ¿Cal das seguintes definicións é correcta, á vista do artigo 10 do Regulamento (CE) 561/2006, sobre harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector de los transportes por estrada?:
- a) As empresas de transporte terán responsabilidade polas infraccións cometidas polos condutores ao seu servizo, aínda cando tales infraccións foran cometidas no territorio doutro Estado membro ou dun terceiro país
 - b) As empresas de transporte non terán responsabilidade polas infraccións cometidas polos condutores ao seu servizo, cando tales infraccións foran cometidas no territorio doutro Estado membro ou dun terceiro país
 - c) As empresas de transporte terán responsabilidade polas infraccións cometidas polos condutores ao seu servizo, unicamente cando tales infraccións foran cometidas no territorio do Estado no que están domiciliadas
 - d) As empresas de transporte non terán responsabilidade polas infraccións cometidas polos condutores ao seu servizo, cando tales infraccións foran cometidas no territorio do Estado no que están domiciliadas
51. Segundo o disposto no artigo 19 da LOTT, as empresas concesionarias do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral, ¿Cómo deben contabilizar os ingresos derivados desta actividade?
- a) Deberán levar unha contabilidade separada por concesión
 - b) Deberán levar unha contabilidade separada pola totalidade das concesións
 - c) Deberán levar unha contabilidade única pola totalidade das actividades da empresa
 - d) Deberán levar unha contabilidade única pola totalidade das actividades do grupo empresarial

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO N° 1

52. À vista do disposto no artigo 5 da Orde FOM/605/2004 do 27 de febreiro, sobre capacitación profesional dos conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable, ¿cal das seguintes afirmacións non é certa?:
- a) Superado o exame, o órgano competente da comunidade autónoma expedirá o certificado de aptitude correspondente
 - b) O referido certificado faculta ao interesado para o exercicio das funcións de conselleiro de seguridade en relación coa especialidade/s de que se trate
 - c) O certificado terá unha validez de cinco anos
 - d) O certificado terá que renovarse por períodos de catro anos
53. Segundo o artigo 3 do Regulamento (CE) 561/2006, este Regulamento non se aplicará ao transporte por estrada efectuado mediante:
- a) Vehículos cuxa velocidade máxima autorizada non supere os 150 Km por hora
 - b) Vehículos especializados en reparacións de avarías cuxo radio de acción sexa de 50 Km arredor do seu centro de poboación
 - c) Vehículos ou conxuntos de vehículos dunha masa máxima autorizada non superior a 7,5 Toneladas utilizados para o transporte comercial de mercadorías
 - d) Vehículos especiais utilizados con fins médicos
54. Segundo o artigo 8 do Regulamento (CE) 561/2006:
- a) Os condutores non poderán tomar máis de tres períodos de descanso reducidos entre dous períodos de descanso semanais, entendéndose por tales os superiores a 9 horas pero inferiores a 11 horas
 - b) Os condutores non poderán tomar mais de tres períodos de descanso reducidos entre dous períodos de descanso semanais, entendéndose por tales os superiores a 10 horas e inferiores a 11 horas
 - c) Os condutores non poderán tomarse máis de dous períodos de descanso reducidos entre dous períodos de descanso semanais, entendéndose por tales os superiores a 9 horas e inferiores a 11
 - d) Os condutores non poderán tomarse máis de dous períodos de descanso reducidos entre dous períodos de descanso semanais, entendéndose por tales os superiores a 10 horas e inferiores a 11
55. Segundo o artigo 6 do Regulamento (CE) 561/2006, o tempo de conducción semanal non será superior a:
- a) 60 horas semanais
 - b) 58 horas semanais
 - c) 56 horas semanais
 - d) 54 horas semanais

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

56. Segundo o artigo 71 da LOTT, procederá a xestión pública directa dun servizo público de transporte de uso xeral cando:
- a) A xestión indirecta resulte adecuada ao carácter ou natureza do mesmo
 - b) Veña reclamada por motivos de interese público concreto ou de carácter económico social
 - c) Cando a xestión indirecta sexa capaz de satisfacer os obxectivos económicos ou sociais que se pretende conseguir
 - d) En calquera caso, cando a administración o estime conveniente
57. Segundo o artigo 77 da LOTT, os vehículos adscritos ás concesións de servizos regulares poderán realizar servizos de carácter discrecional:
- a) En calquera caso
 - b) Cando estean amparados pola autorización habilitante para os mesmos, exclusivamente
 - c) Sempre que estean amparados por autorizacións habilitantes para os mesmos, e quede debidamente asegurada a correcta prestación do servizo regular
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
58. Non se considerará infracción o exceso total sobre a masa máxima autorizada dos vehículos:
- a) Nunha porcentaxe do 7,5% en vehículos de máis de 10 Tm a 20 Tm
 - b) Nunha porcentaxe do 3% en vehículos de máis de 20 Tm
 - c) Nunha porcentaxe do 4% en vehículos de máis de 10 Tm. a 20 Tm
 - d) Nunha porcentaxe do 8 % en vehículos de ata 10 Tm
59. Segundo o artigo 141 da LOTT, non se considerará infracción grave:
- a) O reiterado incumprimento inxustificado de 10 minutos dos horarios da saída nas cabeceiras de liñas de servizos públicos regulares de transporte de viaxeiros de uso xeral, nos termos e nas condicións que regulamentariamente se determinen
 - b) A carencia non significativa de follas de rexistro ou de datos rexistrados no aparello de control ou dos tempos de conducción e descanso, que exista a obriga de conservar na sede da empresa a disposición da administración
 - c) Vender un número de prazas por vehículo superior ao das autorizadas no título concesional
 - d) O arrendamento de vehículos con condutor fora das oficinas ou locais que regulamentariamente se determinen

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

60. Segundo o artigo 22 da LOTT, enténdese por expedidor:

- a) A persoa física ou xurídica que solicita a realización do transporte en nome propio
- b) A persoa física ou xurídica que entrega as mercadorías ao porteador para o seu transporte
- c) A persoa física ou xurídica á que o porteador ha de entregar as mercadorías obxecto do transporte unha vez finalizado este
- d) A persoa física ou xurídica que asume, en virtude de contrato, a obriga de efectuar o transporte

61. Segundo o artigo 34 da LOTT os servizos de inspección do transporte realizarán as súas funcións sobre:

- a) As empresas privadas, exclusivamente
- b) As empresas privadas e públicas, en todo caso
- c) As empresas privadas, en todo caso, e sobre as públicas cando non dispoñan dos seus propios órganos de control
- d) As empresa públicas, exclusivamente

62. Segundo o artigo 3 da Orde FOM/3398/2002, non deberá atoparse Libro de Reclamacións ou un número suficiente de follas a disposición dos usuarios en:

- a) Todos os vehículos que realicen transportes públicos discrecionais de viaxeiros
- b) En todos os vehículos que realicen transportes públicos de mercadorías
- c) En todos os vehículos que se arrenden con condutor
- d) Ningunha é correcta

63. Segundo o artigo 5 da Orde FOM/3398/2002, cando o titular dunha concesión ou autorización de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral ou especial preste os seus servizos mediante colaboración doutro transportista deberá levarse a bordo:

- a) Contrato de arrendamento
- b) Tarxeta de transportes da empresa arrendadora
- c) Un xustificante expedido, selado e asinado polo dito titular no que se indique o servizo ou servizos concretos para os que se contratou a dita colaboración, entre outros documentos
- d) Non se poderán prestar servizos de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral ou especial mediante colaboración

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

64. Segundo o artigo 12 do Regulamento (CE) 3821/85, a duración da validez administrativa das tarxetas de talleres e instaladores autorizados para realizar operacións de instalación e reparación do aparello de control, non poderá exceder de:
- Un ano
 - 6 meses
 - 2 anos
 - 3 anos
65. Segundo o artigo 6 do Decreto 160/1988, cando o titular do servizo careza de vehículos da súa propiedade para substituír ao autorizado poderá utilizar material da titularidade de terceiros:
- En ningún caso
 - Sempre que dea conta da substitución á Xefatura Provincial de Transportes correspondente con anterioridade á prestación do servizo, xustificando a causa da baixa do vehículo substituído, salvo casos de forza maior
 - Sempre que dea conta da substitución á Xefatura Provincial de Transportes correspondente con anterioridade á prestación do servizo, xustificando a causa da baixa do vehículo substituído, en todo caso
 - En todo caso
66. Segundo o artigo 82 do ROTT, as modificacións de calendarios ou horarios do servizo de transporte público regular permanente de transporte de viaxeiros:
- Deberán ser autorizadas pola administración con carácter previo, salvo cando se trate de aumentos conxunturais de expedicións para atender puntas de demanda
 - Deberán ser comunicadas á administración polo concesionario cunha antelación mínima de 15 días, salvo cando se trate de aumentos conxunturais de expedicións para atender puntas de demanda
 - Deberán ser solicitadas á administración con carácter posterior á súa efectividade
 - Unicamente será obrigatoria a súa exposición no despacho de billetes cunha antelación de 8 días
67. Segundo o artigo 65 da LOTT, son transportes internacionais:
- Os que teñan a súa orixe e destino dentro do territorio do estado español, discorrendo como norma xeral integramente neste, se ben, poden atravesar augas ou espazos aéreos non pertencentes á soberanía española
 - Aqueles cuxo itinerario discorre parcialmente polo territorio de estados estranxeiros
 - Aqueles cuxo itinerario discorre totalmente polo territorio de estados estranxeiros
 - Ningunha resposta é correcta

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO N° 1

68. Segundo o artigo 8 da Orde FOM/734/2007, o visado das autorizacións de transporte público e privado complementario realizarase:
- a) Cada dous anos
 - b) Cada cinco anos
 - c) Cada ano
 - d) Non existe ningunha obriga ao respecto
69. Segundo o artigo 16 do Regulamento (CE)561/2006, no caso de que non estivera instalado o aparello de control ¿Quén deberá asinar o rexistro de servizo nun transporte regular nacional de viaxeiros?:
- a) O condutor que deba efectuar o servizo
 - b) O representante dos traballadores en todas as empresas de máis de 50 traballadores
 - c) Un representante do Consello Galego de Transportes
 - d) O director da empresa de transporte ou o seu representante
70. Segundo o artigo 24 da Orde FOM/734/2007, para a realización do visado das autorizacións de transporte público non será necesario que o seu titular acredite:
- a) O cumprimento do requisito de capacitación profesional para o exercicio da actividade de transporte de mercadorías
 - b) Ter a nacionalidade española
 - c) O cumprimento do requisito de honorabilidade
 - d) O cumprimento das obrigas de carácter fiscal establecidas na lexislación vixente
71. Segundo o artigo 138 da LOTT, a responsabilidade administrativa polas infraccións cometidas con ocasión da realización de actividades auxiliares dos transportes levados a cabo sen a cobertura do preceptivo título administrativo habilitante corresponde a:
- a) Á persoa física ou xurídica titular da concesión
 - b) Ao condutor do vehículo no caso de que as accións ou omisións das que a dita responsabilidade se derive foran materialmente realizadas por el
 - c) Á persoa física ou xurídica titular da actividade
 - d) Á persoa física ou xurídica que colabore na realización do dito transporte
72. Segundo o artigo 138 da LOTT, a responsabilidade administrativa polas infraccións cometidas con ocasión da realización de transportes ou actividades suxeitos a concesión corresponde a:
- a) Á persoa física ou xurídica titular da concesión
 - b) Ao condutor do vehículo no caso de que as accións ou omisións das que a dita responsabilidade se derive foran materialmente realizadas por el
 - c) Á persoa propietaria do vehículo
 - d) Ao persoal asalariado que colabore na realización do dito transporte

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

73. Segundo o artigo 21 da Orde FOM. do 23 de xullo de 1997, ¿Cál dos seguintes requisitos será imprescindible para que o vehículo que realice transporte público discrecional de viaxeiros en autobús se atope amparado pola correspondente autorización?:
- a) Que se atope vixente a última inspección técnica periódica que legalmente lle corresponda
 - b) Que leve a bordo o recibo acreditativo do pago do seguro de responsabilidade civil ilimitada
 - c) Que o condutor do vehículo sexa de nacionalidade española ou dalgún país da Comunidade Europea
 - d) Que o vehículo dispoña dun aforo mínimo de 56 prazas
74. Segundo o artigo 95 da LOTT, as autorizacións de transporte público discrecional de viaxeiros outorgaranse con carácter xeral:
- a) Por un prazo dun ano
 - b) Por un prazo de dous anos
 - c) Por un prazo de cinco anos
 - d) Sen limitación específica de prazo de validez
75. Segundo o artigo 103 do ROTT, considéranse transportes regulares temporais de viaxeiros:
- a) Os que se prestan de forma continuada durante un período de tempo non superior a 1 ano por unha única vez
 - b) Os que se prestan de forma continuada durante un período de tempo non superior a 2 anos por unha única vez
 - c) Os que se prestan de forma continuada durante un período de tempo non superior a 1 ano, podendo ser reiterado unha única vez
 - d) Os que se prestan de forma continuada durante un período de tempo non superior a 6 meses por unha única vez
76. Segundo o artigo 67 da LOTT, os transportes públicos regulares de viaxeiros, pola súa continuidade, poden ser:
- a) De uso xeral ou de uso especial
 - b) Nacionais ou internacionais
 - c) Permanentes ou temporais
 - d) Regulares ou discrecionais

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO N° 1

77. Segundo o artigo 85 da LOTT a administración poderá intervir a prestación do servizo de transporte público regular permanente de viaxeiros de uso xeral, asumindo a súa dirección e explotación durante un prazo máximo de:
- a) 1 mes
 - b) 6 meses
 - c) 3 meses
 - d) Non existe ningunha limitación
78. Segundo o artigo 140 da LOTT, considerárase infracción moi grave:
- a) O exceso superior ao 30% nos tempos máximos de conducción ininterrompida
 - b) O exceso inferior ao 50% nos tempos máximos de conducción ininterrompida
 - c) O exceso superior ao 50% nos tempos máximos de conducción ininterrompida
 - d) O exceso inferior ao 40% nos tempos máximos de conducción ininterrompida
79. O inadecuado funcionamento non imputable ao transportista do limitador de velocidade constitúe unha infracción:
- a) Leve
 - b) Grave
 - c) Moi grave
 - d) Non constitúe infracción
80. Segundo o disposto no artigo 20 da Lei de coordinación dos servizos urbanos e interurbanos de Galicia, ¿os titulares de autorizacións interurbanas de autotaxis poderán iniciar un servizo de transporte nun concello distinto do propio?
- a) Si, aínda que excepcionalmente, e cando concorran as seguintes circunstancias: que o contrato para a prestación do servizo teña lugar no concello que outorgou a licenza e que o servizo de transporte teña destino final tamén no concello que outorgou a licenza
 - b) Si, en todo caso
 - c) Non, en ningún caso
 - d) Si, pero única e exclusivamente, no caso de que o usuario teña a súa residencia no concello de destino do transporte

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO Nº 1

PREGUNTAS DE RESERVA

1. O feito de que o usuario dun servizo de transporte de viaxeiros impida a apertura das portas de acceso aos vehículos constitúe unha infracción:
 - a) Grave
 - b) Leve
 - c) Moi grave
 - d) Os usuarios non poden ser responsables pola comisión de infraccións administrativas das normas reguladoras dos transportes terrestres

2. Segundo o artigo 140 da LOTT ¿Cal das seguintes accións ou omisións constitúe infracción moi grave?
 - a) A realización de descarga de mercadorías perigosas cando non se respecten as condicións de protección da carga regulamentariamente establecidas
 - b) Transportar mercadorías perecedoiras carecendo do certificado de conformidade para o transporte de mercadorías perecedoiras
 - c) A realización de servizos de transporte público de viaxeiros en automóbiles de turismo iniciados en termo municipal distinto ao que corresponda a licenza de transporte urbano, salvo nos supostos regulamentariamente exceptuados
 - d) A prestación de servizos de transporte con vehículos que incumpran as prescricións técnicas sobre a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida que lle resulten de aplicación

3. Segundo o artigo 9 do Regulamento (CE) 561/2006, calquera tempo utilizado en viaxar a un lugar para facerse cargo dun vehículo comprendido no ámbito de aplicación deste Regulamento, cando o vehículo non se atope no enderezo do condutor nin no centro de operacións do empleador no que esta baseado normalmente o condutor:
 - a) Non se considerará como tempo de conducción en ningún caso
 - b) Non se considerará como descanso ou pausa excepto cando o condutor se atope nun ferry ou tren e teña acceso a unha litera
 - c) Non se considerará como descanso ou pausa en ningún caso
 - d) Considerarase como tempo de conducción en todo caso

GRUPO: III

CATEGORIA: 049 (AXENTE AUXILIAR DE INSPECCIÓN DE TRANSPORTES)

ACCESO: PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA

EXERCICIO N° 1

4. Segundo o artigo 15.7, do Regulamento (CE) 3821/85, modificado polo Regulamento (CE) 561/2006, cando o condutor conduza un vehículo dotado de aparello de control de conformidade co Anexo I, deberá estar en condicións de presentar, sempre que llo solicite un inspector:
 - a) As follas de rexistro da semana en curso e as utilizadas polo condutor nos quince días anteriores, a partir do 1 de xaneiro de 2008
 - b) As follas de rexistro da semana en curso e as das dúas semanas anteriores nas que conduciu a partir do 1 de febreiro de 2008
 - c) As follas de rexistro do día en curso e dos 28 días anteriores, antes do 1 de xaneiro de 2008
 - d) As follas de rexistro do día en curso e dos 28 días anteriores, a partir do 1 de xaneiro de 2008

5. Segundo o artigo 143 da LOTT, cal dos seguintes criterios non será considerado para graduar as sancións polas infraccións tipificadas na referida lei:
 - a) A intencionalidade
 - b) A magnitude do beneficio ilicitamente obtido
 - c) A titularidade do vehículo
 - d) A natureza dos prexuízos causados

6. Segundo o artigo 144 da LOTT a inhabilitación para ser titular de calquera clase de concesión ou autorización imposta pola comisión de dúas ou máis infraccións moi graves en materia de transportes, será de:
 - a) Un período non superior a tres anos
 - b) Un período non superior a dous anos
 - c) Un período de tres anos
 - d) Un período de dous anos